



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, de inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia da empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A.

De conformidade coa solicitude formulada por don Samuel Simes como representante legal da empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A., C.I.F A-32008039 con domicilio social en C/ Marcelino Suarez 43, Barco de Valdeorras (Ourense) e localización do centros produtores en Ctra. Vegamolinos 156, Barco de Valdeorras (Ourense) e As Medas s/n, Quiroga (Lugo) para súa inclusión no **Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia**, esta Dirección Xeral incoou o oportuno expediente tendo en conta:

Primeiro.- Con data do 7 de xaneiro nº de rexistro de entrada 326, don Samuel Simes como representante legal da empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A., solicita a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, xunto cun estudio sobre cantidades, identificación de residuos e destino final. No mencionado estudio declara producir anualmente os seguintes residuos:

Ctra. de Vegamolinos-O Barco de Valdeorras (Ourense):

- ◆ 2,5 Tn/ano de ACEITE MINERAL USADO (Q7//R1//L8//C51//H14//A781(2)//B0019) C.E.R. 1302(04-08)
- ◆ 0,25 Tn /ano de FILTROS DE AUTOMOCIÓN USADOS (Q9//D15//S35//C51//H14//A781(2) //B0019) C.E.R. 160107
- ◆ 0,1 Tn/ano de ABSORBENTES CONTAMINADOS CON ACEITE (Q5//R1//S34//C51//H14//A781(2) //B0005) C.E.R. 150202
- ◆ 0,155 Tn /ano de ENVASES CONTAMINADOS (Q5//D5//S8/36//C51//H13//A781(2) //B0019) C.E.R. 150110
- ◆ 0,001 Tn /ano de FLUORESCENTES (Q14//D15//S40//C16//H14//A781(2) //B0019) C.E.R. 200121
- ◆ 0,220 /ano de DISOLVENTES NO HALOGENADOS (Q7//R2//L5//C41/43//H3-B/6//A781(2) //B0019) C.E.R. 140103

As Medas-s/n-Quiroga (Lugo)

- ◆ 0,25 Tn/ano de ACEITE MINERAL USADO (Q7//R1//L8//C51//H14//A781(2)//B0019) C.E.R. 1302(04-08)
- ◆ 0,01 Tn /ano de FILTROS DE AUTOMOCIÓN USADOS (Q9//D15//S35//C51//H14//A781(2) //B0019) C.E.R. 160107
- ◆ 0,02 Tn/ano de ABSORBENTES CONTAMINADOS CON ACEITE (Q5//R1//S34//C51//H14//A781(2) //B0005) C.E.R. 150202
- ◆ 0,025 Tn /ano de ENVASES CONTAMINADOS (Q5//D5//S8/36//C51//H13//A781(2) //B0019) C.E.R. 150110
- ◆ 0,001 Tn /ano de FLUORESCENTES (Q14//D15//S40//C16//H14//A781(2) //B0019) C.E.R. 200121
- ◆ 0,220 /ano de DISOLVENTES NO HALOGENADOS (Q7//R2//L5//C41/43//H3-B/6//A781(2) //B0019) C.E.R. 140103

Segundo.- Con data do 7 de xaneiro de 2002 a empresa realiza o aboamento das taxas correspondentes á inscrición no rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos.

Terceiro.- Vista toda a documentación, considérase que está acorde co requirido pola lexislación vixente.

Por todo o anterior, e sendo a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental competente para coñecer a petición formulada, de conformidade co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos, o Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño; Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, e o Decreto 14/2002, DE 14 xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente de asignación de competencias.

Comunícalle que a súa empresa con localización do centros produtores en Ctra. Vegamolinos 156, Barco de Valdeorras (Ourense) e As Medas s/n, Quiroga (Lugo) , queda inscrita como pequeno produtor de residuos perigosos, co número de inscrición P-O/040/2002

Recordámoslle a súa obriga de cumprir as prescricións de residuos perigosos que se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, nos citados R.D. 833/88 e Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado ou na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos perigosos, e en especial:

- a) O cumprimento de normas técnicas vixentes relativas ó envasado, etiquetado e almacenamento de residuos perigosos.
- b) O establecemento dun rexistro no que conste a cantidade, natureza, identificación, orixe, métodos, lugares de tratamento, data de xeración e cesión dos residuos, de acordo co disposto no art. 17 do citado R.D. 833/88, do 20 de xullo, e no artigo único do R.D. 952/1997, do 20 de xuño.
- c) O rexistro e arquivo da documentación de aceptación dos residuos nas instalacións de tratamento ou eliminación, así como dos exemplares do documento de control e seguimento de orixe e destino dos residuos, durante un tempo non inferior a cinco anos, de acordo co art. 16.2 e 16.3 de R.D. 833/88, do 20 de xullo.
- d) As obrigas que se derivan do cumprimento do disposto nos artigos 20, 21 e 41 do R.D. 833/88, do 20 de xullo sobre admisión, notificación, traslado de residuos perigosos e documentos de control e seguimento.

Esta inscrición outórgase sen prexuízo das demais licencias ou autorizacións esixibles polo ordenamento xurídico.

O incumprimento destas obrigas ou da normativa de aplicación, poderá dar lugar a incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/98, do 21 de abril, de Residuos.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2002

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E
AVALIACIÓN AMBIENTAL



Asdo: José Luis Díez Yáñez



CAR 22/4/03

**ASUNTO: AMPLIACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE PEQUENOS PRODUCTORES DE RESIDUOS PERIGOSOS
EXPTE:02/108M2**

De conformidade coa solicitude formulada por Don Domingo Rodriguez González como representante legal da empresa AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES S.A.(ACOVAL) C.I.F A-32008039 con domicilio social en Ctra. Vegamolinos 156, O Barco de Valdeorras (Ourense). e localización dos centros produtores en Ctra. Vegamolinos 156, O Barco de Valdeorras (Ourense). e As Medas s/n , Quiroga (Lugo) para súa ampliación no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Recibida a súa comunicación con data de entrada 27 de xullo de 2003, pola que solicitan que se modifique a inscrición no rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos e unha vez revisada a documentación aportada posteriormente, comunicamoslle o seguinte:

Que os residuo incluído no nº **P-O/040/2002** do rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos :

Para o centro de Ctra. Vegamolinos 156, O Barco de Valdeorras (Ourense)

40 Kg/ano de Aerosoles (Q6//R13//S12-36//C41//H14//A271(2)//B0019) CER 160504

Lembrámoslle que en todo momento deberán cumprir as prescricións de residuos perigosos que se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, R.D. 833/88, así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado ou na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos perigosos.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2003

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E
AVALIACIÓN AMBIENTAL

Asdo: José Luis Díez Yáñez



AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A.
CTRA. VEGAMOLINOS 156
AS MEDAS-QUIROGA -O BARCO DE VALDEORRAS
OURENSE

32300

CAR 1919/02



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Teléfonos: 981 54 10 27 - 981 54 10 32 - Telefax: 981 54 11 00 - 981 54 10 48
San Lázaro, s/n - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ASUNTO: AMPLIACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE PEQUENOS PRODUCTORES DE RESIDUOS PERIGOSOS.

Recibidas as súas comunicacións con datas de rexistro de entrada 25 de xuño de 2002, nº rexistro de entrada 12004, e 9 de xullo de 2002, nº de rexistro de entrada 13328, nas que solicitan que se amplíe o alcance da inscrición no rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos e unha vez revisada a documentación aportada posteriormente, comunicamoslle o seguinte:

Que se consideran incluídos no nº **P-O/040/2002** do rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos os seguintes residuos:

Centro produtor: Ctra. de Vegamolinos, 156 – O Barco de Valdeorras (Ourense)

- 50 Kg/ano de Pantallas ordenadores y TV (Q6//R13//S40//C6/16//H14//A271(2)//B0019) CER 200135
- 4 Kg/ano de Pilas (Q6//R13//S37//C6//H14//A271(2)//B0019) CER 200133

Centro produtor: As Medas, s/n – Quiroga (Lugo)

- 300 Kg/ano de Mezcla de Agua con HC (Q5//D13//L9//C51//H5//A271(2)//B9703) CER 160708

Lembrámoslle que en todo momento deberán cumprilas prescricións de residuos perigosos que se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, R.D. 833/88, así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado ou na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos perigosos, e en especial as indicadas na resolución de inscrición nº: P-O/040/2002.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2002

O XEFE DE SERVICIO DE CONTROL E XESTIÓN DE RESIDUOS

Asdo: Fernando Asperilla Pinilla



ACOVAL, S.A. (Aglomerados y Construcciones Valdeorras, S.A.)
Ctra. Vegamolinos, 156
32300 – O BARCO DE VALDEORRAS (Ourense)



Ref: M Y

ASUNTO: INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE PRODUCTORES E XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA

Mediante o presente escrito notifícase que con data do 6 de maio de 2002 dictouse a Resolución que se achega, comunicándolle así mesmo que contra dita Resolución que non esgota a vía administrativa poderá interpoñer, de conformidade co disposto no art. 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, recurso de alzada no prazo dun mes contado desde a notificación da presente resolución, ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2002

O XEFE DE SERVICIO DE CONTROL
E XESTIÓN DE RESIDUOS

Asdo: Fernando Asperilla Pinilla



AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A.
C/ MARCELINO SUAREZ-43
32000 BARCO DE VALDEORRAS (Ourense)

CAR 3/9/02



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Teléfonos: 981 54 10 27 - 981 54 10 32 - Telefax: 981 54 11 00 - 981 54 10 48
San Lázaro, s/n - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS

Con data 7 de maio de 2002 e nº de rexistro de saída 7693 achégase resolución da inscrición no rexistro de pequenos produtores de residuos perigosos con número de inscrición P-O/040/2002, en dita resolución non é o correcto o representante legal da empresa ni o código da actividade, debido a un erro informático.

O representante legal da empresa correcto é: D. Domingo Rodríguez González - N.I.F 9992168-W. Así mesmo, a codificación da actividade productora de residuos é A271(2): Fabricación de materiais de construción, en hormigón, cemento, yeso, escayola e outros. Advertido estes erros e de conformidade co disposto no art. 105.2 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, esta Administración procede a subsanar o defecto observado.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2002

O XEFE DE SERVICIO DE CONTROL
E XESTIÓN DE RESIDUOS

Asdo.: Fernando Asperilla Pinilla



ACOVAL, Aglomerados y Construcciones, S.A.
Ctra. Vegamolinos, 156
32300 - O BARCO DE VALDEORRAS (Ourense)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E
INFRAESTRUTURAS
Xefatura Territorial de Ourense

Rúa do Paseo, 18 - 4º
32003 OURENSE
Telfs.: 988 386 205 / 04
Fax.: 988 386 211

CAR 7/16/2 galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA	
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE	
Data	- 4 XUN. 2012
Nº ENTRADA	Nº SAÍDA
—	2.112

AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES
VALDEORRAS SA(ACOVAL)

Ctra. Vegamolinos 156

(32300) - Barco De Valdeorras (O)
(Ourense)

RESOLUCIÓN de modificación da inscrición de pequeno produtor de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia

Expediente núm.: 2012-OU-M-00167

Técnico: MDA

En relación coa solicitude presentada por D./D.^a M^a CARMEN RODRIGUEZ GONZÁLEZ, como representante legal da empresa **AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA(ACOVAL)** (CIF: **A32008039**), con enderezo social en rúa **Marcelino Suare 43 (32010) - BARCO DE VALDEORRAS (O) (OURENSE)**, a Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas iniciou o correspondente procedemento tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 01-06-2012 tivo entrada no Rexistro deste departamento territorial a solicitude de dita empresa para a modificación da inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Segundo.- De conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, no expediente consta:

- A identificación do/s centro/s de traballo e cantidades de residuos producidos.
- O aboamento da correspondente taxa administrativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, somete a notificación administrativa previa ao órgano autonómico competente en materia de ambiente a actividade para a que se solicita a modificación da inscrición.

O Decreto 174/2005, do 9 de xuño, regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos en Galicia e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

O Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, regula a rastrexabilidade dos residuos en Galicia.

O Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo (modificado polo Real Decreto 952/1997, do 20 de xuño), aproba o regulamento de execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, que é básica en materia de residuos tóxicos perigosos (derrogada pola Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos).

De conformidade co establecido no Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento, é competente para resolver este procedemento a Xefatura Territorial de Ourense.

Por todo o anterior, a Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no exercicio das competencias que ten atribuídas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar a inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos da empresa **AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS SA(ACOVAL)** (CIF: **A32008039**), con enderezo social en **rúa Marcelino Suare 43 (32010) - BARCO DE VALDEORRAS (O) (OURENSE)**, que figura inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número **P-O/040/2002**.

Segundo.- Esta resolución produce os seguintes cambios na lista de residuos perigosos que constan no Rexistro para a devandita empresa:

Centro	Tipo de residuo	Código LER	Cantidade anual (Kg)	Estado
OFICINA E TALLER	Baterias De Chumbo	160601	200	ALTA

A empresa queda suxeita no desenvolvemento da súa actividade ao cumprimento das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira.- Condicionantes xerais.

A empresa deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades autorizadas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Así mesmo, a empresa deberá cumprir as normas técnicas vixentes relativas ao envasado, etiquetado e almacenamento de residuos perigosos.

Segunda.- Libro de rexistro descritivo da actividade.

A empresa deberá levar un rexistro documental no que consten os datos relativos á orixe dos residuos, cantidade, natureza, código de identificación, etc., segundo o establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

Este libro de rexistro poderá manterse utilizando as aplicacións informáticas dispoñibles para iso no Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa).

Terceira.- Control da rastrexabilidade dos residuos.

A empresa deberá entregar os residuos a un xestor autorizado.

As entregas dos residuos entre produtor e xestor deberán realizarse de conformidade coas prescricións contidas no devandito decreto.

Cuarta.- Outras autorizacións e licenzas.

A modificación da inscrición desta empresa como pequena produtora de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia practícase sen prexuízo das autorizacións e licenzas esixidas polo ordenamento xurídico para exercer a actividade.

Quinta.- Modificacións da actividade.

Calquera modificación da actividade deberá ser comunicada a este centro directivo no prazo máximo dun mes desde a data en que se produza.

Sexta.- Consecuencias do incumprimento das obrigas.

O incumprimento dos termos desta resolución ou da normativa de aplicación poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.



Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Mediante este escrito notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da dita Lei 30/1992, do 26 de novembro.

OURENSE, 4 de Xuño de 2012

*Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas de Ourense*

José César Losada Álvarez

